

**2007**



# PRESENTACIÓN MEMORIA ECONÓMICA 2007

A *Memoria Económica* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) recolle a información relativa á actividade económica e de xestión desenvolvida durante o exercicio 2007, e concrétese: no estado de liquidación do orzamento; o balance de situación; a conta de resultado económico-patrimonial a 31 de decembro de 2007; información acerca da evolución das magnitudes e as actuacións económicas máis relevantes; o informe de xestión, e o informe sobre a contratación administrativa. Na memoria deste exercicio, ao igual que xa fixemos nos últimos anos, non se inclúe a información sobre a actividade desenvolvida pola USC que foi derivada á *Memoria de Responsabilidade Social* elaborada pola USC e que supón o complemento necesario para completalo proceso de rendemento de contas.

A finalidade da información recollida na *Memoria* é, ademais de servir de base aos órganos de control interno e externo da súa operativa económico-financeira, a de dar cumprimento ao mandato que a propia USC se ten imposto de afondar na súa responsabilidade social implementando un sistema de rendemento de contas á sociedade e á comunidade universitaria, que garanta a transparencia na xestión da súa actividade.

Esta *Memoria Económica* do exercicio 2007 constitúe polo tanto un elemento de transparencia informativa, entorno ao que xira a liña de acción da programación plurianual 2007-2010 que ten como obxectivo o necesario e consciente rendemento de contas como parte das funcións derivadas da súa xestión e como instrumento para garantir o bo goberno. Neste senso adxuntase, como novidade respecto de exercicios anteriores, o informe de auditoría encargado polo Consello Social que xa está rematado.

A preparación e presentación da ampla documentación financeira, contable e estatística que aparece nesta *Memoria* elaborouse con criterios analíticos de obxectividade, detalle, claridade informativa e homoxeneidade no tempo, a partir dos estados financeiros presentados de acordo coas normas establecidas no Plan General de Contabilidad Pública, de forma que trate de mostrar a imaxe fiel da situación financeira da USC respecto aos seus activos e pasivos, así como dos resultados das operacións realizadas e dos recursos obtidos e aplicados durante o exercicio.

A información recollida nesta memoria económica reflicte a liquidación do orzamento do exercicio 2007 así como a actividade económica-financeira da USC.

A situación económica actual da USC, unha vez superada a etapa do Plan de Equilibrio Económico Financeiro, xira entorno ao actual Plan de Financiamento do SUG 2005-2010 que, si ben desvincula a subvención básica da evolución do número de alumnos e introduce financiamento ligado á investigación e á calidade, aínda resulta insuficiente nestes primeiros anos para as necesidades reais da universidade.

Debemos ter en conta que contamos cunha universidade que por dotación de recursos, aínda coas deficiencias que temos en moitos ámbitos e, sobre todo, polos resultados acadados, atópase ao nivel doutras universidades no noso entorno que contan cuns recursos financeiros moi superiores aos nosos. Sirva como dato para posicionarnos ao respecto indicar que no ano 2007 o gasto orzamentado pola Comunidade Autónoma para o SUG seguía situándose no entorno do 0,75% do PIB da nosa Comunidade nese ano, fronte un gasto medio no Estado español do 1% do PIB das respectivas Comunidades Autónomas. Estas distancias aumentan aínda máis ao considerar as diferenzas relativas no PIB.

Neste senso, cobra especial importancia o compromiso asumido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de aprobar neste ano unha de reformulación do actual Plan de Financiamento. O obxectivo é alongar o período de vixencia do Plano de Financiamento ata o ano 2013, e a Comunidade Autónoma comprométese a facer un esforzo inversor nas universidades superior ao 1% do PIB, ligado aos retos que temos nos ámbitos do Espazo Europeo de Educación Superior, a Investigación e a Calidade

Aínda que todo o anterior pode e debe mudar a situación de futuro, a USC vese obrigada a seguir lavando cabo procesos de axuste en todos aqueles gastos que, aínda sendo convenientes, son secundarios na priorización das actuacións que a Universidade ten que desenvolver en correspondencia coas súas funcións básicas de docencia e investigación e os retos, obxectivos e accións con elas relacionadas. Xunto a estes axustes na asignación dos recursos dispoñibles, durante o exercicio 2007 continuose coa intensificación no proceso de racionalización na execución do gasto e na xestión do ingreso coa finalidade de mellorar a súa eficacia.

Esta situación descrita reflíctese na liquidación do orzamento recollida nesta memoria, que rexistra nas súas principais magnitudes o resultado desta realidade económico-financeira.

O gasto orzamentario no exercicio 2007, en termos de obrigas contraídas, ascendeu a 244 millóns de euros, experimentando unha variación absoluta de 36 millóns de euros en relación ao exercicio anterior (208 millóns de euros) e unha variación relativa do 17,31%. O remanente de crédito, obtido como diferenza entre o orzamento definitivo e as obrigas contraídas, foi de 94,02 millóns de euros.

As previsións definitivas de ingresos, excluído o remanente de tesourería do ano anterior, acadaron os 271,51 millóns de euros, sendo os dereitos recoñecidos de 274,40 millóns de euros. O grao de execución do orzamento de ingresos foi do 101,06%, en cambio, a execución do orzamento de gastos foi do 72,2 %.

O resultado orzamentario do exercicio foi de 22,12 millóns de euros que unido á variación neta de pasivos financeiros positiva en 8,11 millóns de euros supón un saldo orzamentario positivo de 30,23 millóns de euros.

Finalmente, o remanente de tesourería afectado ao financiamento de gastos dos vindeiros exercicios ascende a 90,44 millóns de euros.

Polo que respecta ao balance de situación da USC, este reflicte un patrimonio totalmente saneado e unha importante solidez patrimonial. A prudencia no ritmo de incremento da actividade e o mantemento dun estrito control de todas as modalidades de risco determinou que o activo total quedase situado en 545,18 millóns de euros. Ao peche de exercicio, os recursos propios situábanse en 377,78 millóns de euros fronte aos 369,86 do ano anterior.

A diferenza entre as correntes de ingresos e gastos da Conta do Resultado Económico-Patrimonial da un resultado positivo (aforro) de 7,91 millóns de euros, fronte ao desaforro de 6,45 do exercicio anterior.

A Memoria de xestión do orzamento de gastos elaborada a nivel de centros xestores, que se presenta na segunda parte da Memoria Económica, permite coñecer a distribución de créditos entre os diferentes centros orgánicos, entre as diferentes funcións e segundo a natureza económica do gasto, e constitúe un elemento fundamental complementario da análise das contas do exercicio que se inclúe na primeira parte.

Na segunda parte da memoria de xestión infórmase dos expedientes de contratación xestionados no exercicio, con independencia do procedemento e forma de adxudicación, co que se dá cumprimento ao mandato contido no artigo 166 dos Estatutos da USC de informar á Xunta de Goberno e ao Consello Social do resultado da contratación.

Esta é, de forma resumida, a realidade que ofrece a situación económico-financeira da nosa institución no ano 2007, a análise da cal se recolle polo miúdo no contido desta memoria. Ao igual que en exercicios anteriores, a recondución da situación económica e o mantemento dos obxectivos acadados neste ámbito obriga a continuar coa implicación de toda a comunidade universitara e, en especial do seu persoal docente e de administración e servizos, que vén conxugando nos últimos anos a prestación dun mellor servizo á sociedade co incremento da eficiencia e eficacia, máis necesarias aínda en momentos de dificultades económicas. É por isto polo que a USC desexa recoller de novo nesta memoria o seu recoñecemento e gratitude a todo o seu persoal. Ao mesmo tempo segue sendo necesario continuar co proceso de explicitar á sociedade e á Administración as necesidades económicas ligadas á realidade actual da nosa universidade e dos retos xa inmediatos que temos por diante, en especial todo o relacionado co Espacio Europeo de Educación Superior e o Espacio Europeo de Investigación.

**PRIMEIRA PARTE:**  
**ANÁLISE DAS CONTAS DO EXERCÍCIO**

## PRIMEIRA PARTE: ANÁLISE DAS CONTAS DO EXERCICIO

### 1.1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

#### 1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

O orzamento de ingresos de 2007 da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), liquídase cuns dereitos recoñecidos por importe de 274,40 millóns de euros, o que representa un incremento en termos absolutos de 42,39 millóns con respecto aos do exercicio anterior (232,01 millóns), equivalente a **unha taxa de variación do 18,27%**. Este aumento explícase fundamentalmente polo importante incremento rexistrado no capítulo de transferencias de capital para actividades de investigación.

As previsións iniciais de ingresos incrementáronse por operacións de **financiamento acadado durante o exercicio** en 60,28 millóns de euros, o que significa en termos porcentuais o 28,89 % respecto ás previsións iniciais. Para o cálculo das cifras anteriores descóntanse os aumentos de previsións derivados de incorporación de remanentes do ano 2006 (66,68 millóns) e da facturación interna (2,57 millóns).

A liquidación do orzamento supón a fin de exercicio un maior recoñecemento de dereitos sobre as previsións definitivas de 2,9 millóns de euros, como pode observarse no cadro 1.

Ao igual que en memorias de anos anteriores, estas cifras serán desagregadas polo miúdo ao longo deste apartado, pero antes indicaremos algunhas notas xerais que nos semellan de interese, referidas ás distintas fontes de financiamento dos ingresos da USC, clasificadas por capítulo orzamentario.

#### CADRO Nº 1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

| CAPÍTULO  | PREVISIÓNS INICIAIS   | PREVISIÓNS DEFINITIVAS | DEREITOS RECOÑECIDOS  | INGRESADO             | PENDENTE DE INGRESO  | DEREITOS RECOÑECIDOS MENOS PREVISIÓNS DEFINITIVAS |
|---|-----------------------|------------------------|-----------------------|-----------------------|----------------------|---|
| III. Prezos públicos e outros ingresos                        | 37.187.500,00         | 50.305.721,27          | 49.972.552,77         | 39.193.793,54         | 10.778.759,23        | -333.168,50                                       |
| IV. Transferencias correntes                                  | 136.071.070,00        | 149.368.396,37         | 150.205.660,46        | 142.246.590,03        | 7.959.070,43         | 837.264,09  |
| V. Ingresos Patrimoniais                                      | 555.000,00            | 1.473.797,55           | 1.832.300,54          | 1.600.976,08          | 231.324,46           | 358.502,99  |
| VI. Alleamento outros investimentos reais.                    |                       | 2.281,03               | 2.281,03              | 2.281,03              | 0,00                 | 0,00  |
| VII. Transferencias de Capital                                | 34.843.180,00         | 57.565.149,87          | 59.599.591,70         | 36.411.471,64         | 23.188.120,06        | 2.034.441,83                                      |
| IX. Variación de Pasivos financeiros                          |                       | 12.790.143,53          | 12.790.143,53         | 12.790.143,53         | 0,00                 | 0,00  |
| <b>SUBTOTALS</b>  | <b>208.656.750,00</b> | <b>271.505.489,62</b>  | <b>274.402.530,03</b> | <b>232.245.255,85</b> | <b>42.157.274,18</b> | <b>2.897.040,41</b>                               |
| VIII. Variación Activos financeiros (remanente de tesourería) |                       | 66.681.310,95          |                       |                       | 0,00                 | 0,00  |
| <b>TOTAIS</b>   | <b>208.656.750,00</b> | <b>338.186.800,57</b>  | <b>274.402.530,03</b> | <b>232.245.255,85</b> | <b>42.157.274,18</b> | <b>2.897.040,41</b>                               |

| <b>CAPÍTULO</b>                        | <b>DEREITOS<br/>RECOÑECIDOS<br/>2005</b> | <b>DEREITOS<br/>RECOÑECIDOS<br/>2006</b> | <b>DEREITOS<br/>RECOÑECIDOS<br/>2007</b> | <b>% CAPÍTULO<br/>SOBRE TOTAL<br/>DEREITOS 2007</b> | <b>%<br/>VARIACIÓN<br/>S/2006</b> |
|--|--|--|--|---|-----------------------------------|
| III. Prezos públicos e outros ingresos | 40.579.477,34                            | 44.788.105,60                            | 49.972.552,77                            | 18,21   | 11,58%                            |
| IV. Transferencias correntes           | 120.222.502,54                           | 132.014.507,16                           | 150.205.660,46                           | 54,74   | 13,78%                            |
| V. Ingresos Patrimoniais               | 533.399,38                               | 1.063.650,13                             | 1.832.300,54                             | 0,67  | 72,27%                            |
| VI. Alleamento de Investimentos Reais  | 0,00                                     | 246.052,63                               | 2.281,03                                 | 0,00  |                                   |
| VII. Transferencias de Capital         | 31.783.183,67                            | 41.652.238,63                            | 59.599.591,70                            | 21,72   | 43,09%                            |
| IX. Variación de Pasivos Financeiros   | 8.552.630,00                             | 12.241.043,80                            | 12.790.143,53                            | 4,66  | 4,49%                             |
|  | <b>201.671.192,93</b>                    | <b>232.005.597,95</b>                    | <b>274.402.530,03</b>                    | <b>100,00</b>                                       | <b>18,27%</b>                     |

### **1.- PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS:**

Os dereitos liquidados en concepto de prezos públicos por servizos académicos ("taxas") foron superiores ás previsións orzamentarias en 1,42 millóns de euros (previsións 18,28 – dereitos recoñecidos 19,70), debido á influencia de dous factores: por unha banda a que por primeira vez nesta década sobe o número de alumnos -incremento do 1,98% sobre o curso anterior 06/07- e a influencia do cambio de tarificación para as segundas, terceiras e cuartas matrículas (incrementos do 15-35-50 %, respectivamente sobre as primeiras).

### **2.- TRANSFERENCIAS CORRENTES:**

Os dereitos liquidados por transferencias correntes son tamén lixeiramente superiores ás previsións orzamentarias en 0,84 millóns de euros debido fundamentalmente a recursos obtidos por sexenios de anos anteriores e que non estaban recoñecidos nas respectivas liquidacións de exercicios pasados, así como a subvencións acadadas para cursos de mestrado (o 10% destas transferencias non xera crédito contribuindo ao financiamento incondicionado).

### **3.- INGRESOS PATRIMONIAIS:**

A liquidación foi superior ás cifras orzamentadas en 0,36 millóns de euros debido á situación favorable da tesourería e ao aumento de tipos de xuro.

### **4.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL:**

Os dereitos liquidados por transferencias de capital superaron as previsións definitivas en 2,03 millóns de euros debido ao financiamento das actividades de investigación.

### **5.- VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS:**

Neste capítulo contabilízanse os anticipos reembolsables obtidos nas convocatorias do Ministerio de Educación e Ciencia, 1,53 millóns de euros da convocatoria 2007 e 11,26 da convocatoria 2006 resolta en 2007, o destino destes fondos é a adquisición de equipamentos ou construcións de infraestruturas científicas e tecnolóxicas.

### **6.- VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS:**

Neste capítulo inclúense os créditos non obrigados a 31/12/06 incorporados ao orzamento de 2007 e que correspondían a compromisos adquiridos ou ben a financiamento específico de actividades (investigación, congresos, cursos de posgrao, etc). Proveñen, xa que logo, de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeran ingresos no exercicio que comentamos.

- ◊ Unha vez presentadas as notas xerais por capítulo orzamentario, resulta importante mencionar que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/07 é de 42,16 millóns de euros, que representa o 15,36 % de todos os dereitos recoñecidos (13,07 % no ano anterior).
- ◊ No cadro 2 figuran as porcentaxes que cada fonte de financiamento representa sobre o conxunto dos ingresos da USC no período 2003-2007.

## CADRO 2. % FINANCIAMENTO POR CAPÍTULOS (2003/2007)

| CAPÍTULO                               | 2003          | 2004          | 2005          | 2006          | 2007          |
|--|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| III. Prezos públicos e outros ingresos | 20,70         | 18,59         | 20,12         | 19,30         | 18,21         |
| IV. Transferencias correntes           | 52,93         | 51,37         | 59,61         | 56,90         | 54,74         |
| V. Ingresos Patrimoniais               | 0,29          | 0,23          | 0,26          | 0,46          | 0,67          |
| VI. Alleamento de investimentos reais  | 7,60          | 3,33          | 0,00          | 0,11          | 0,00          |
| VII. Transferencias de capital         | 12,05         | 15,68         | 15,76         | 17,95         | 21,72         |
| IX. Variación de Pasivos Financeiros   | 6,43          | 10,80         | 4,25          | 5,28          | 4,66          |
| <b>TOTAL</b>                           | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> | <b>100,00</b> |

O importe das “transferencias correntes” representa no período analizado a maior fonte de recursos aínda que con tendencia á baixa ata 2004 pero aumentando significativamente en 2005 coa aplicación do novo plan de financiamento, representando case o 60% dos recursos, en 2006 e 2007 diminúe a participación por mor da suba das transferencias de capital e variación de pasivos financeiros. A continuación figuran as transferencias de capital que inclúen o financiamento por proxectos, infraestruturas de investigación e obras e os “prezos públicos e outros ingresos” (matrículas e prestación servizos investigación, etc.), por último, unha pequena participación dos ingresos derivados da rendibilización do patrimonio. En 2003 e 2004 cobra importancia tanto o recurso ao endebedamento como o alleamento de investimentos reais vencellados á operación Galeras.

## 1.1.2. COMENTARIOS PARTICULARES AOS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO ORZAMENTARIO

### CAPÍTULO III: Prezos públicos e outros ingresos.

No cadro 3 figuran recollidos, por artigo orzamentario, os dereitos recoñecidos nos tres últimos exercicios e as variacións de 2007 con respecto ao 2006 e ao 2005; indícase tamén cal foi a participación relativa dos dous compoñentes deste capítulo: “**Prezos públicos**” e “**Outros ingresos**”. Os primeiros representan o 51,03 % do financiamento total e o 48,97 % os segundos; nestes últimos inclúense fundamentalmente os ingresos por prestación de servizos por actividades de investigación.

### CADRO 3: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS. DEREITOS RECOÑECIDOS 2005-2007

| Artigo orzamentario                        | Dereitos recoñecidos 2005 | Dereitos recoñecidos 2006 | Dereitos recoñecidos 2007 | % Variación S/05 | % Variación S/06 |
|--|---------------------------|---------------------------|---------------------------|------------------|------------------|
| 31.Prezos públicos por servizos académicos | 21.472.954,57             | 21.984.275,31             | 23.212.319,25             | 8,10%            | 5,59%            |
| 32. Prestación de servizos                 | 15.136.796,31             | 17.998.606,74             | 21.438.324,27             | 41,63%           | 19,11%           |
| 33.Venda de bens                           | 255.227,52                | 244.388,35                | 270.565,03                | 6,01%            | 10,71%           |
| 38. Reintegros                             | 395.910,71                | 518.826,50                | 604.394,72                | 52,66%           | 16,49%           |
| 39.Outros ingresos diversos                | 695.793,37                | 1.764.308,84              | 1.872.439,33              | 169,11%          | 6,13%            |
| <b>TOTAIS</b>                              | <b>37.956.682,48</b>      | <b>42.510.405,74</b>      | <b>47.398.042,60</b>      | <b>24,87%</b>    | <b>11,50%</b>    |
| 34.Facturación interna                     | 2.622.794,86              | 2.277.699,86              | 2.574.510,17              |                  |                  |
| , ,  | <b>40.579.477,34</b>      | <b>44.788.105,60</b>      | <b>49.972.552,77</b>      |                  |                  |



| <b>AGRUPACIÓN ARTIGOS<br/>VALORES ABSOLUTOS</b> | <b>2.005</b>         | <b>2.006</b>         | <b>2.007</b>         |
|---|----------------------|----------------------|----------------------|
| OUTROS INGRESOS                                 | 16.483.727,91        | 20.526.130,43        | 24.185.723,35        |
| PREZOS PÚBLICOS POR<br>SERVICIOS ACADÉMICOS     | 21.472.954,57        | 21.984.275,31        | 23.212.319,25        |
| <b>TOTAL CAPÍTULO</b>                           | <b>37.956.682,48</b> | <b>42.510.405,74</b> | <b>47.398.042,60</b> |

| <b>AGRUPACIÓN ARTIGOS<br/>VALORES RELATIVOS</b> | <b>2005</b>    | <b>2006</b>    | <b>2007</b>    |
|---|----------------|----------------|----------------|
| OUTROS INGRESOS                                 | 43,43%         | 48,28%         | 51,03%         |
| PREZOS PÚBLICOS POR<br>SERVICIOS ACADÉMICOS     | 56,57%         | 51,72%         | 48,97%         |
| <b>TOTAL CAPÍTULO</b>                           | <b>100,00%</b> | <b>100,00%</b> | <b>100,00%</b> |

No detalle do cadro 3 aparecen desagregados por partidas singularizadas os diferentes tipos de ingresos. Nos comentarios seguintes deterémonos naqueles aspectos que consideramos máis significativos dentro dos principais artigos orzamentarios.

| <b>ARTIGO ORZAMENTARIO</b>                             | <b>PREVISIÓNS</b>    |                      | <b>DEREITOS</b>      |
|--|----------------------|----------------------|----------------------|
|  | <b>INICIAIS</b>      | <b>DEFINITIVAS</b>   | <b>RECOÑECIDOS</b>   |
| <b>31. PREZOS PÚBLICOS<br/>POR SERVIZOS ACADÉMICOS</b> |                      |                      |                      |
| <i><u>Estudos oficiais</u></i>                         |                      |                      | <b>19.704.665,88</b> |
| Estudos 1º, 2º ciclos                                  |                      |                      | 18.835.395,94        |
| Matrícula 3º ciclo                                     |                      |                      | 708.680,19           |
| ICE-CAP  |                      |                      | 160.589,75           |
| <i><u>Outros estudos</u></i>                           |                      |                      | <b>3.507.653,37</b>  |
| Cursos posgrao   |                      |                      | 2.708.053,72         |
| Cursos especialización e outros cursos                 |                      |                      | 195.234,65           |
| Aulas informáticas                                     |                      |                      | 27.060,00            |
| Cursos de verán  |                      |                      | 161.480,00           |
| Centro de Linguas Modernas                             |                      |                      | 347.183,00           |
| Escola de Práctica Xurídica                            |                      |                      | 68.642,00            |
| <b>TOTAL ARTIGO 31</b>                                 | <b>21.008.000,00</b> | <b>21.776.992,07</b> | <b>23.212.319,25</b> |
| <b>32. PRESTACIÓN DE SERVIZOS</b>                      |                      |                      |                      |
| <b>Inscripcións en xornadas, congresos, etc.</b>       |                      |                      | <b>209.259,78</b>    |
| <b>Aloxamento Sistema Univ. Residencias</b>            |                      |                      | <b>1.844.825,71</b>  |
| <b>Servizos Investigación</b>                          |                      |                      | <b>17.960.824,01</b> |
| FEUGA: custos indirectos e nóminas                     |                      |                      | 1.020.813,05         |
| A organismos públicos e entidades sen fins de lucro    |                      |                      | 11.321.104,50        |
| A empresas   |                      |                      | 5.618.906,46         |
| <b>Outros servizos prestados</b>                       |                      |                      | <b>1.423.414,77</b>  |
| Extensión Universitaria Deportes                       |                      |                      | 490.482,90           |
| Extensión Universitaria Cultura                        |                      |                      | 38.154,55            |
| Centro Posgrao-Doutorado Internacional                 |                      |                      | 14.250,00            |
| Escola infantil Breogán                                |                      |                      | 129.068,37           |
| Imprenta   |                      |                      | 64.776,06            |
| Servimav   |                      |                      | 3.814,54             |

|   |                      |                      |                      |
|---|----------------------|----------------------|----------------------|
| Centro de Linguas Modernas                                  |                      |                      | 12.699,01            |
| Atencións clínicas Odontoloxía                              |                      |                      | 367.391,92           |
| Atencións clínicas Óptica                                   |                      |                      | 8.703,70             |
| Bibliotecas   |                      |                      | 38.740,31            |
| Dereitos de oposicións e concursos                          |                      |                      | 80.763,71            |
| Teléfonos   |                      |                      | 9.994,08             |
| Estacións biolóxicas:A Graña/Encoro do Con                  |                      |                      | 96.314,56            |
| Outros  |                      |                      | 68.261,06            |
| <b>TOTAL ARTIGO 32</b>                                      | <b>15.046.000,00</b> | <b>23.736.247,70</b> | <b>21.438.324,27</b> |
| <b>33.VENDA DE BENS</b>                                     |                      |                      |                      |
| Publicacións  |                      |                      | 100.838,58           |
| Reprografía   |                      |                      | 12.014,87            |
| Vendas enerxía eléctrica                                    |                      |                      | 157.711,58           |
| <b>TOTAL ARTIGO 33</b>                                      | <b>193.500,00</b>    | <b>288.774,40</b>    | <b>270.565,03</b>    |
| <b>38. REINTEGROS</b>                                       |                      |                      |                      |
| Varios  |                      |                      | 213.164,60           |
| Anuncios contratación                                       |                      |                      | 42.759,26            |
| Compensación seguros  |                      |                      | 81.116,94            |
| Compensacións subministracións concesionarios e cesionarios |                      |                      | 267.353,92           |
| <b>TOTAL ARTIGO 38.</b>                                     | <b>260.000,00</b>    | <b>580.296,24</b>    | <b>604.394,72</b>    |
| <b>39. OUTROS INGRESOS DIVERSOS</b>                         |                      |                      |                      |
| Bolsas Isep   |                      |                      | 3.333,32             |
| Complemento asistencial Rof-Codina                          |                      |                      | 75.831,02            |
| Compensacións impostos                                      |                      |                      | 1.556.188,46         |
| Descontos pronto pagamento                                  |                      |                      | 8.243,48             |
| Prácticas alumnos másters e posgrao                         |                      |                      | 89.542,60            |
| Varios  |                      |                      | 139.300,45           |
| <b>TOTAL ARTIGO 39</b>                                      | <b>680.000,00</b>    | <b>1.348.900,69</b>  | <b>1.872.439,33</b>  |
| <b>TOTAL CAPÍTULO III SEN FACTURACIÓN INTERNA</b>           | <b>37.187.500,00</b> | <b>47.731.211,10</b> | <b>47.398.042,60</b> |
| Imprenta  |                      |                      | 568.715,98           |
| Servimav  |                      |                      | 92.211,08            |
| Servizo de Xestión Económica                                |                      |                      | 202.973,61           |
| Sistema Universitario de Residencias                        |                      |                      | 76.966,55            |
| Servizos Xerais de investigación                            |                      |                      | 698.287,84           |
| Vicexerencia Lugo   |                      |                      | 31.094,66            |
| Centros docentes  |                      |                      | 651.906,99           |
| Institutos  |                      |                      | 68.128,52            |
| Bibliotecas   |                      |                      | 22.285,42            |
| Servizo de Control Interno                                  |                      |                      | 4.214,57             |
| Oficina de Xestión de Infraestruturas e Arquitect           |                      |                      | 25.194,64            |
| Servizo de Publicacións                                     |                      |                      | 21.646,48            |
| Servizo de Tradución  |                      |                      | 10.902,20            |
| Servizo de Prevención de Riscos                             |                      |                      | 14.393,86            |
| Area das TIC  |                      |                      | 12.740,61            |
| Estacións biolóxicas  |                      |                      | 8.155,57             |
| Vic.de Relacións Institucionais                             |                      |                      | 55.136,03            |
| Outros  |                      |                      | 9.555,56             |
| <b>34. FACTURACIÓN INTERNA</b>                              | <b>0,00</b>          | <b>2.574.510,17</b>  | <b>2.574.510,17</b>  |
| <b>TOTAL CAPÍTULO III</b>                                   | <b>37.187.500,00</b> | <b>50.305.721,27</b> | <b>49.972.552,77</b> |

## **ARTIGO 31. PREZOS PÚBLICOS.**

Os dereitos recoñecidos por prezos públicos de estudos oficiais acadaron o importe de 19,70 millóns de euros sendo as previsións de ingreso 18,28; por tanto, houbo un superávit por este concepto de 1,42 millóns de euros que, como xa indicamos anteriormente, é imputable ao incremento do número de alumnos e ao cambio na tarificación das segundas e posteriores matrículas.

### **Observacións:**

- Os ingresos de prezos pola matriculación nas probas de acceso á Universidade non están incluídos na liquidación do orzamento de ingresos da USC, xa que, por convenio entre as tres Universidades de Galicia, encargouse da liquidación dos gastos e ingresos das probas a CIUG, de xeito que figura no orzamento da Universidade só a parte que se tivo que achegar para cubrir a diferenza entre os ingresos e os gastos –figura no capítulo IV de gastos na USC–.
- Inclúese na liquidación a matrícula gratuíta na USC do persoal das tres Universidades de Galicia como operación que se formaliza –sen saída nin entrada material de fondos– como pagamento e ingreso polo mesmo importe nos orzamentos de gastos e ingresos da USC. Do mesmo xeito opérase coas matrículas gratuítas do Centro de Linguas Modernas para os alumnos do programa ERASMUS.
- Non se inclúe na liquidación dos prezos públicos o importe das matrículas dos beneficiarios de axudas por ser funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### **Criterios contables**

1. Aplícase a recadación efectiva realizada durante o ano e que non estaba computada como dereitos recoñecidos pendentes de cobro do exercicio anterior (2006).
2. Considéranse dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/07 os seguintes:

a) A información proporcionada por XESCAMPUS (aplicación de xestión académica) dos abonares emitidos da matrícula do curso 2007/2008 pendentes de cobro a 28/12/07 (derradeiro día hábil de 2007), os emitidos por impago a esa mesma data, as devolucións pendentes e os importes dos abonares ingresados aínda non confirmados na aplicación. Importe respectivos: 1.779.814,44, 93.443,21, -36.719,05 e -14.758,87 euros; aquí fundamentalmente recóllense os terceiros prazos que se liquidan en marzo (1.552.818,25 euros).

b) O importe pendente de compensación do MEC polo importe das matrículas non satisfeitas de alumnos bolseiros e dos alumnos de familia numerosa de tres fillos por importe de 1.687.954,48 euros. Este importe extráese do informe de liquidación de prezos da aplicación XESCAMPUS con data 28/12/07. A contía total de compensación estimada resulta 5.879.954,48 euros, dos que 4.192.000,00 foron ingresados en 2007.

## **ARTIGO 32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS**

As variacións máis significativas con respecto ao ano anterior son as seguintes:

- Os dereitos de matrícula noutros estudos aumentan con respecto ao exercicio anterior un 11,08 % pasando de 3,16 a 3,51 millóns de euros.

- Os dereitos de inscrición en congresos e xornadas diminuíron con respecto a 2006 nun 12,5 % (de 0,24 millóns en 2006 a 0,21 en 2007), tamén diminuíu nun 4,14 % a recadación por ingresos no servizo universitario de residencias (1,93 en 2006 e 1,85 en 2007).
- O importe recoñecido por contratos e convenios por servizos de investigación varía considerablemente con respecto ao exercicio anterior nun 20,45 %, 14,91 millóns de euros en 2006 fronte a 17,96 en 2007.

### ARTIGO 33. VENDA DE BENS

- As vendas de enerxía eléctrica aumentaron no 12,94 % pasando de 139 mil euros en 2006 a 157 mil no presente exercicio.

### ARTIGO 34. FACTURACIÓN INTERNA

- Desde o ano 1996 a facturación que se realiza internamente na USC –os denominados cargos internos– trátase contablemente como ingreso no centro emisor (centro que presta o servizo ou subministra as mercancías) e como pagamento no centro receptor (aplicación orzamentaria que soporta o gasto). A consecuencia disto, o orzamento de ingresos, e correlativamente o de gastos, vense incrementados polo volume anual destas operacións, que representan en total 2,57 millóns de euros, cifra lixeiramente superior á do ano anterior (2,28 millóns). Estas operacións non orixinan movementos de fondos de tesourería, posto que se realizan en “formalización” (sen saída material de fondos).
- No detalle do cadro 3 indicamos os diferentes centros emisores de cargos internos e as cantidades que facturan.

### ARTIGO 39. OUTROS INGRESOS

- O apartado compensación de impostos inclúe a devolución do IVE de 2007 (agás liquidación mes de decembro) que resulta da aplicación dos sectores diferenciados e da regra da prorrata, esta aumentou do 6% en 2005 , 28% en 2006 a 31% en 2007, consecuencia do maior peso da investigación aplicada sobre o volume de ingresos da universidade e tendo en conta tamén que a partir de 2006 non se teñen en conta as subvencións para o cálculo da porcentaxe de prorrata.

## CAPÍTULO IV. Transferencias correntes.

No cadro 4 detállanse por artigo orzamentario os dereitos recoñecidos comparándoos cos dos dous exercicios previos (desagregase por partida orzamentaria no detalle do cadro 5).

**CADRO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES . Dereitos recoñecidos 2005-2007**

| <b>ARTIGO ORZAMENTARIO</b>         | <b>Dereitos recoñecidos 2005</b> | <b>Dereitos recoñecidos 2006</b> | <b>Dereitos recoñecidos 2007</b> | <b>% Variación S/05</b> | <b>% Variación S/06</b> |
|------------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|-------------------------|-------------------------|
| 40.Administración do Estado        | 2.774.266,89                     | 2.630.999,47                     | 3.932.147,26                     | 41,74%                  | 49,45%                  |
| 41.Organismos Autónomos advtos     | 187.921,89                       | 98.226,61                        | 240.388,76                       | 27,92%                  | 144,73%                 |
| 44.Outros entes públicos           | 16.362,65                        | 7.106,58                         | 70.000,00                        | 327,80%                 | 885,00%                 |
| 45.Comunidades Autónomas           | 114.845.326,31                   | 126.826.593,86                   | 143.395.390,04                   | 24,86%                  | 13,06%                  |
| 46.Corporacións locais             | 175.401,29                       | 338.337,57                       | 208.513,01                       | 18,88%                  | -38,37%                 |
| 47.Empresas Privadas               | 1.391.087,38                     | 1.529.410,00                     | 1.636.494,48                     | 17,64%                  | 7,00%                   |
| 48.Familias e inst. sen fins lucro | 784.550,89                       | 533.631,07                       | 670.464,74                       | -14,54%                 | 25,64%                  |
| 49.Exterior                        | 47.585,24                        | 50.202,00                        | 52.262,17                        | 9,83%                   | 4,10%                   |
| <b>TOTAL CAPÍTULO IV</b>           | <b>120.222.502,54</b>            | <b>132.014.507,16</b>            | <b>150.205.660,46</b>            | <b>24,94%</b>           | <b>13,78%</b>           |
| <b>AGRUPACIÓN ARTIGOS</b>          | <b>IMPORTE</b>                   | <b>% S/TOTAL</b>                 |                                  |                         |                         |
| Comunidades Autónomas              | 143.395.390,04                   | 95,47%                           |                                  |                         |                         |
| Outros                             | 6.810.270,42                     | 4,53%                            |                                  |                         |                         |
| <b>TOTAL</b>                       | <b>150.205.660,46</b>            | <b>100,00%</b>                   |                                  |                         |                         |

- O artigo orzamentario máis importante deste Capítulo está constituído polas transferencias correntes da Comunidade Autónoma, que experimentan no seu conxunto un aumento do 13,06 % (en euros correntes) sobre as recoñecidas no ano anterior. As partidas que compoñen o financiamento principal procedente do orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria son as seguintes:

|   |                |
|---|----------------|
| FINANCIAMENTO INCONDICIONADO .....                        | 119.910.570,02 |
| COMPLEMENTO MÉRITO INVESTIGADOR.....                      | 5.013.877,23   |
| CONTRATOS PROGRAMA CALIDADE.....                          | 1.435.985,44   |
| COMPLEMENTO RETRIBUTIVO AUTONÓMICO<br>AO PROFESORADO..... | 5.895.537,00   |
| ACHEGA PLAN SANEAMENTO .....                              | 1.350.000,00   |
| TOTAL.....  | 133.605.969,69 |

- No exercicio 2006 entra en vigor o “Plan de financiamento das Universidades de Galicia, 2005-2010”, neste recóllense achegas ás Universidades distribuídas nos seguintes fondos: Financiamento incondicionado, Calidade, participación no Plan galego de I+D+i, Investimentos e Nivelación.
- Na subvención por mérito investigador inclúese o importe de 1.242.963,15 euros procedentes de sexenios non cobrados de 2003 e 2004, tamén achega a consellería as contías que estaban pendentes de 2001 e 2002 que xa estaban contabilizadas nas contas deses anos como pendentes de cobro.
- Procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria obtivéronse outras transferencias que enumeramos a continuación:

| CONCEPTO  | IMPORTE    |
|---|------------|
| Bolsas complementaria á mobilidade de estudantes países extracomunitarios | 55.200,00  |
| Profesores Visitantes   | 36.900,00  |
| Bolsa complementarias para prácticas en empresa                           | 83.200,00  |
| Espazo Europeo Educación Superior   | 190.231,84 |
| Apoio ao Deporte Universitario  | 9.000,00   |
| Formación permanente de profesorado en linguas estranxeiras               | 106.034,48 |
| Xornadas Universidade e Discapacidade                                     | 9.891,38   |

| ARTIGO E PARTIDA PRESUPOSTARIA          | PREVISIÓNS  |                     | DEREITOS            |
|---|-------------|---------------------|---------------------|
|   | INICIAIS    | DEFINITIVAS         | RECOÑECIDOS         |
| <b>40.ADMINISTRACIÓN DO ESTADO</b>      |             |                     |                     |
| Ministerio de Educación e Ciencia       |             |                     | 3.748.359,04        |
| Ministerio de Trabajo                   |             |                     | 45.000,00           |
| Consello de Coordinación Universitaria  |             |                     | 138.788,22          |
| <b>TOTAL ARTIGO 40</b>                  | <b>0,00</b> | <b>3.985.518,76</b> | <b>3.932.147,26</b> |
| <b>41.ORGANISMOS AUTÓNOMOS</b>          |             |                     |                     |
| <b>ADMINISTRATIVOS</b>                  |             |                     |                     |
| Consejo Superior de Deportes            |             |                     | 68.082,76           |
| Instituto Galego de Artes Escénicas     |             |                     | 24.000,00           |
| Instituto Galego de Promoción Económica |             |                     | 36.000,00           |
| Escola Galega de Administración Pública |             |                     | 43.306,00           |
| Instituto Social da Marina              |             |                     | 9.000,00            |

|                                       |             |                   |                   |
|---------------------------------------|-------------|-------------------|-------------------|
| Instituto Enerxético de Galicia       |             |                   | 28.000,00         |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo    |             |                   | 6.000,00          |
| Instituto Formación e Estudos Sociais |             |                   | 26.000,00         |
| <b>TOTAL ARTIGO 41.</b>               | <b>0,00</b> | <b>225.563,96</b> | <b>240.388,76</b> |

**44. OUTROS ENTES PÚBLICOS**

|                              |             |                  |                  |
|------------------------------|-------------|------------------|------------------|
| Consortio Cidade de Santiago |             |                  | 70.000,00        |
| <b>TOTAL ARTIGO 44</b>       | <b>0,00</b> | <b>70.000,00</b> | <b>70.000,00</b> |

**45. COMUNIDADES AUTÓNOMAS****Consellerías e Organismos Xunta de Galicia**

|   |                       |                       |                       |
|---|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| Educación e Ordenación Universitaria            |                       |                       | 134.439.754,28        |
| Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza |                       |                       | 34.750,00             |
| Cultura e Deporte                               |                       |                       | 76.000,00             |
| Innovación e Industria                          |                       |                       | 556.656,65            |
| Economía e Facenda                              |                       |                       | 104.776,12            |
| Vivenda e Solo                                  |                       |                       | 32.000,00             |
| Pesca e Asuntos Marítimos                       |                       |                       | 15.100,00             |
| Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible       |                       |                       | 46.000,00             |
| Dirección Xeral Investigación e Desenvolvemento |                       |                       | 1.915.837,12          |
| Traballo  |                       |                       | 1.183.819,71          |
| Servizo Galego de Saúde                         |                       |                       | 4.659.122,52          |
| Secretaría Xeral Relacións Exteriores           |                       |                       | 138.133,64            |
| Secretaría Xeral de Emigración                  |                       |                       | 15.000,00             |
| Vicepresidencia, Igualdade e Benestar           |                       |                       | 105.000,00            |
| Secretaría Xeral de Política Lingüística        |                       |                       | 73.440,00             |
| <b>TOTAL ARTIGO 45</b>                          | <b>134.280.560,00</b> | <b>142.609.848,57</b> | <b>143.395.390,04</b> |

**46. CORPORACIÓN LOCAIS**

|                                    |             |                   |                   |
|------------------------------------|-------------|-------------------|-------------------|
| Concello de Lugo                   |             |                   | 36.500,00         |
| Concello de Vilagarcía             |             |                   | 15.000,00         |
| Concello de Santiago de Compostela |             |                   | 11.500,00         |
| Federación Galega de Municipios    |             |                   | 11.000,00         |
| Concello de Lalín                  |             |                   | 2.089,00          |
| Concello de Sarria                 |             |                   | 7.000,00          |
| Deputación Provincial A Coruña     |             |                   | 81.024,01         |
| Deputación Provincial Lugo         |             |                   | 44.400,00         |
| <b>TOTAL ARTIGO 46</b>             | <b>0,00</b> | <b>202.301,71</b> | <b>208.513,01</b> |

**47. EMPRESAS PRIVADAS**

|                                 |                     |                     |                     |
|---------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| Banco Santander Central-Hispano |                     |                     | 1.440.000,00        |
| Caixanova                       |                     |                     | 105.000,00          |
| Bioetanol Galicia               |                     |                     | 9.280,00            |
| Merck, Sharp & Dohme, S.A.      |                     |                     | 30.000,00           |
| Caixa Galicia                   |                     |                     | 19.980,00           |
| Jhonson & Jhonson               |                     |                     | 20.000,00           |
| Outras                          |                     |                     | 12.234,48           |
| <b>TOTAL ARTIGO 47</b>          | <b>1.530.000,00</b> | <b>1.633.444,48</b> | <b>1.636.494,48</b> |

**48. FAMILIAS E INSTITUCIÓN S EN FIN S DE LUCRO**

|   |                   |                   |                   |
|---|-------------------|-------------------|-------------------|
| Fundación Barrié de la Maza                 |                   |                   | 21.096,80         |
| Fundación Caixa Galicia                     |                   |                   | 485.506,00        |
| Fundación Bancaja                           |                   |                   | 75.000,00         |
| Fundación Galicia-Europa                    |                   |                   | 9.068,20          |
| Colexios profesionais                       |                   |                   | 3.500,00          |
| Fundación Gral. Universidad Autónoma Madrid |                   |                   | 8.315,32          |
| Sociedad Española de Medicina General       |                   |                   | 18.000,00         |
| Axencia Calidade do Sistema Unvers. Galicia |                   |                   | 6.000,00          |
| Instituto Ramón Llull                       |                   |                   | 11.685,00         |
| S.A. Xestión do Plan Xacobeo                |                   |                   | 10.344,83         |
| Outros                                      |                   |                   | 21.948,59         |
| <b>TOTAL ARTIGO 48</b>                      | <b>260.510,00</b> | <b>625.507,50</b> | <b>670.464,74</b> |

**ARTIGO 49. EXTERIOR**

